



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Perfeccionamento de xefes de negociado

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	80
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2005
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	6

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios da Xunta de Galicia que estean ocupando xefaturas de negociado na Administración autonómica, co fin de optimizar as súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

DESTINATARIOS

Van dirixidos a funcionarios de carreira da Xunta de Galicia dos grupos B, C e D, que estean ocupando actualmente xefaturas de negociado. Terán preferencia os que as ocupen con carácter definitivo, circunstancia que deberá ser certificada segundo o modelo oficial contido no anexo II da presente resolución polo responsable do servizo de persoal de que depende o solicitante.

No caso de que nalgún dos cursos proxectados non se cubra o número de prazas previsto, poderán ser seleccionados aqueles funcionarios que, por pertenceren aos grupos funcionariais mencionados, poidan no seu día desempeñar xefaturas de negociado na Xunta de Galicia.

Só poderá presentarse unha instancia e para unha única localidade, tendo preferencia, na selección efectuada para cada unha das previstas na convocatoria, aqueles funcionarios que desempeñen o seu posto de traballo na localidade elixida.

No caso de solicitantes de localidades onde non se convocase o curso, entenderase como se desempeñasen o seu posto de traballo na localidade elixida.

Absteranse de solicitar o curso os participantes en edicións anteriores.

A selección efectuarase tendo en conta os méritos e a súa valoración ata un máximo de 3,75 puntos, da forma que a seguir se indica.

a) Experiencia en postos de xefe de negociado: 0,50 puntos por ano completo. A puntuación máxima polo concepto de experiencia será de 2 puntos. A experiencia deberá ser certificada polos servizos de persoal, segundo o modelo anexo II.

Non se poderá computar máis de dous anos de ocupación de postos con carácter non definitivo.

b) Formación: por cursos relacionados directamente co contido temático do curso: por cursos de 15 a 40 horas: 0,15 puntos; por cursos de máis de 40 horas: 0,25 puntos. A puntuación máxima será de 1 punto.

c) Idiomas. Coñecemento do galego: pola posesión do certificado de aptitude ou validación de iniciación: 0,25 puntos; polo certificado de aptitude ou validación de perfeccionamento: 0,75 puntos. A puntuación máxima será de 0,75 puntos.

A EGAP publicará a lista dos participantes coas puntuacións alcanzadas nos taboleiros de anuncios da escola, do Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán e, se é o caso, das delegacións provinciais da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

No caso de igualdade de puntos, terán preferencia os funcionarios cunha antigüidade acreditada maior na Administración pública. A dita antigüidade deberá ser certificada segundo o modelo oficial contido no anexo II da presente resolución polo responsable do servizo de persoal de que depende o solicitante.

Todos os méritos alegados deberán acreditarse documentalmente.

PROGRAMA

Linguaxe administrativa galega. Obxectivos e liñas estratéxicas da Xunta de Galicia. Funcións e roles dos mandos intermedios. Políticas de igualdade. Procedemento administrativo. Aplicacións da informática na Administración pública.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

VER DOG / VER MEMORIA

3. DATOS EDICIÓNS

PP05811001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 03/02/2005 a 01/04/2005

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

PP05811002SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 01/02/2005 a 30/03/2005

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

PP05811003CO

LOCALIDADE: CORUÑA (A)

INICIO / FIN: 03/02/2005 a 01/04/2005

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

PP05811004LU**LOCALIDADE:** LUGO**INICIO / FIN:** 03/02/2005 a 01/04/2005**NUM. PRAZAS:** 30**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

PP05811005OU**LOCALIDADE:** OURENSE**INICIO / FIN:** 03/02/2005 a 01/04/2005**NUM. PRAZAS:** 30**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

PP05811006PO**LOCALIDADE:** PONTEVEDRA**INICIO / FIN:** 03/02/2005 a 01/04/2005**NUM. PRAZAS:** 30**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE